



## BOLETÍN INFORMATIVO Nº 29 - XULLO - 07

### ENDEREZOS DE OVICA

Lugo: Rúa Miguel de Cervantes nº 47 - 27003 Tfno: 982 284111 Fax: 982 231203

Allariz: Rúa do Portelo, 4 - 32.660 - Ourense Tfno: 988 442 428

Correo Electrónico: [ovica@mundo-r.com](mailto:ovica@mundo-r.com)

Páxina web: [www.ovica.org](http://www.ovica.org)

### SOCIOS DE OVICA

#### Solicitudes de altas de socio no 1º semestre 2.007.

Dende xaneiro ata xullo deste ano 2.007 houbo un total de 24 solicitudes de alta de novos/as socios/as en OVICA. distribuíronse do seguinte xeito:

- A Coruña ..... 6
- Lugo..... 6
- Ourense..... 9
- Pontevedra..... 3
- TOTAL..... 24

A cifra actual de socios/as e cabezas de gando integrados en OVICA é a seguinte:

	SOCIOS/ AS	OVELLAS	CABRAS	TOTAL ANIMAI
A Coruña	35	4.591	305	4.931
Lugo	103	13.449	2.388	15.940
Ourense	110	20.031	3.769	23.910
Pontevedra	12	1.430	385	1.827
<b>TOTAL</b>	<b>260</b>	<b>39.501</b>	<b>6.847</b>	<b>46.608</b>

**PRECISAMOS MÁIS SOCIOS E SOCIAS PARA FACER UN SECTOR GANDEIRO MÁIS FORTE.**

### FORMACIÓN

#### Xuntanza con gandeiros de ovino de leite.

A posta en marcha de un grupo de explotacións de ovino de leite na provincia de Pontevedra supón un novo reto para OVICA e para o sector. Estes gandeiros/as que apostaron por sistemas intensivos de produción con ovellas de raza *Assaff* integráronse en OVICA e na ADSG ACIVO co fin de obter o apoio necesario para acadar os seus obxectivos no sector ovino.

Veterinarios de ADSG ACIVO mantiveron unha xuntanza con este grupo de gandeiros/as co fin de concretar un programa de medidas sanitarias para o bo funcionamento destas explotacións.



### INSTALACIÓNS AUXILIARES:



Manga de manexo metálica. Estas mangas de manexo poden ser moi útiles para o manexo do gando en fincas alonxadas das instalacións, ou ben, para explotacións extensivas que carecen de instalacións.

### RAZAS: Blue du Maine



Orix: Francia occidental

Características: Esta raza é tamén utilizada no Reino Unido dende o 1978.

Ovellas de aptitude cárnica. Con cabeza e osos finos que aseguran a facilidade no parto. Son boas produtoras de leite o que implica un rápido crecemento dos anos. Os anos son robustos e vivaces.

Prolificidade: Superior ó 200 %. As femias cruzadas con esta raza poden mellorar a prolificidade ata un 240%  
Peso dos machos: de 120 a 150 kg.  
Peso das femias: entre 80 e 100 kg.



# CAIXA RURAL GALEGA

## COMPRA – VENTA

- Véndense anos de raza ovella galega inscritos no libro xenealóxico -676 437 614
- Véndense cabritas de recría  $\frac{3}{4}$  meses, de raza murciano-granadina - 659 083 339.
- Véndese explotación ovino/caprino 500 cabezas + dereitos, tractor 85 cv, grada discos, segadora, nave 1200 m<sup>2</sup>, etc. 988 335701.
- Véndense cachorros de mastín (Maceda - Ourense) – 659 325 161
- Mércanse rebaño de 70/80 ovellas (Maceda - Ourense) – 659 325 161
- Véndense 12 ovellas de raza ovella galega **NON** inscritas no libro xenealóxico -689 550 560
- Buscase cachorro de can pastor – 699 515 051.

## MANEXO.

### Reposición.

Para manter a produtividade da explotación tódolos anos deberíase de renovar entre un 15% e 20% do rebaño.

A reposición das **femias** debe de facerse sempre con animais nados na propia explotación, seleccionando as añas nadas de partos dobres (en caso de que nos interese esta aptitude).

A reposición dos **machos** debe de facerse con animais procedentes doutras explotacións para evitar problemas de consanguinidade. Deben de incorporarse cando aínda son anos novos, 2-4 meses, con isto conseguimos mellores prezos á hora da adquisición e evitamos problemas sanitarios xa que os machos críanse na propia explotación.

### Desvelle.

É coñecida por todos/as a dificultade existente para comercializar animais de desvelle. Os prezos no mercado destas canais son baixos. Os custos de transporte e recollida son altos.

A partir da fin do período de retención (día 8 de agosto) saturarase o mercado de animais de este tipo en todo o estado. A comercialización será complexa e os prezos baixarán notablemente. Esta é unha situación que se repite tódolos anos.

OVICA leva varios anos buscando vías de comercialización para estes animais. Ata o ano 2.006 estes animais vendíanse vivos a varios tratantes que despois lles daban diferentes destinos.

Neste ano 2007 a cooperativa COVIGA comezou a sacrificar e comercializar as canais de ovellas e cabras de desvelle. Con isto garantimos que estes animais improdutos son sacrificados e desaparecen das explotacións definitivamente.

Para manter esta vía de comercialización, poder mellorar os prezos, e diminuír os tempos de espera ata que os animais son recollidos nas explotacións é fundamental unha planificación da retirada do desvelle.

Temos que conseguir comercializar o desvelle nas épocas nas que non hai movemento destes animais no mercado. Esta época coincide coa temporada que vai dende que finaliza o prazo de solicitude das axudas da PAC ata que finaliza o período de retención da PAC. É dicir temos que tratar de programar a retirada do desvelle para o período comprendido entre abril e xullo.

**Se tes animais de desvelle contacta co 982 28 41 11 ou ovica@mundo-r.com**



## NORMATIVA

### Adquisición de razas autóctonas.

A Consellería do Medio Rural publicou no DOGA nº 109 do 07/06/07 a orde nas que regula os prezos privados das doses seminais de gando bovino e de exemplares bovinos, aviarios, ovinos e porcinos producidos no Centro de Recursos Zooxenéticos de Galicia.

No referente ós exemplares da raza ovella galega os prezos estipulados son os seguintes:

#### Inscritos no libro xenealóxico:

-Menores de 6 meses: 35 €.

-Maiores de 6 meses: 40 €.

#### Descualificados do libro xenealóxico:

-Menores de 6 meses: 25 €.

-Maiores de 6 meses: 30 €.

Para máis información podes contactar co Pazo de Fontefiz.

Tfno.: 988205488 / Fax: 988205489

e-mail: asovega@asovega.com



## RECORDA.

### Libros de explotación.

Os gandeiros deben de actualizar os libros de explotación e telos debidamente cubertos.

A administración pode realizar inspeccións, e incluso sancionar ata co 5% do importe recibido das axudas da PAC, a aquelas explotacións que non teñan o libro debidamente cuberto e actualizado.